



RESOLUCIÓN DO 3 DE FEBREIRO DE 2026 POLA QUE SE FAI PÚBLICO O ESGOTAMENTO DO CRÉDITO ORZAMENTARIO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2026, DESTINADO Ó FINANCIAMENTO DAS AXUDAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA PARA O ANO 2026 ÁS ASOCIACIÓNS DE CONSUMIDORES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN, FORMACIÓN E DIVULGACIÓN EN MATERIA DE CONSUMO (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO CO400B).

Mediante Resolución do 29 de decembro de 2025, (DOG. nº 13 do 21/01/2026) o Instituto Galego do Consumo e da Competencia, convoca e regula a concesión de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2026, ás asociacións de consumidores da Comunidade Autónoma de Galicia para actividades de sensibilización, formación e divulgación en materia de consumo.

No anexo I de dita resolución establécense as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de axudas para o ano 2026, ás asociacións de consumidores da Comunidade Autónoma de Galicia para actividades de sensibilización, formación e divulgación en materia de consumo.

Tal como se establece no artigo 1.2 de ditas bases o procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva de acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O artigo 10 das bases dispón que as axudas concederanse en actos sucesivos ata o esgotamento do crédito. O órgano xestor publicará no DOG e na páxina web do Instituto Galego do Consumo e da Competencia o esgotamento da partida orzamentaria e inadmitirá as posteriores solicitudes destinadas á subvención, salvo que se produza un incremento de crédito.

Unha vez esgotados os recursos económicos destinados a estas axudas previstas na Resolución do 29 de decembro de 2025, da Dirección do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, pola que se procédese á publicación da convocatoria pola que se regula a concesión de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2026, ás asociacións de consumidores da Comunidade Autónoma de Galicia para actividades de sensibilización, formación e divulgación en materia de consumo,

RESOLVO:

Primeiro.- Facer público que o crédito orzamentario asignado ó financiamento das axudas contempladas na devandita Resolución do 29 de decembro de 2025, quedou esgotado con data 29 de xaneiro de 2026 coa solicitude presentada ás 20:17 horas.

Segundo.- Ordenar a publicación da presente resolución no Diario Oficial de Galicia.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso -Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses que se contarán desde



a mesma data. En todo caso, non se poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición.

Santiago de Compostela,

O director do Instituto Galego do Consumo e da Competencia
Gabriel Alén Castro

